


**Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.****Setembro 2011****NOTA DE PRENSA****En setembro de 2011 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 9,8% e os dos bens importados un 6%**

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 9,8% en setembro de 2011 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 6%.

No que vai de ano (ata setembro), os prezos dos bens exportados medraron un 7,7% e os dos bens importados un 8%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios e de consumo foi do 21,3% e 4,8%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo medraron un 1%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios medraron un 7,2% Pola súa banda, os prezos dos bens de equipo incrementáronse un 3,7% e o dos bens de consumo un 3,1%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2011

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	9,8	7,7	ÍNDICE XERAL	6,0	8,0
Bens de consumo	4,8	9,1	Bens de consumo	3,1	2,2
Bens de equipo	1,0	3,5	Bens de equipo	3,7	-6,8
Bens intermedios	21,3	7,1	Bens intermedios	7,2	10,2

FONTE: IGE Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 12,7% para os países pertencentes á UE-25, do 12,1% para a Unión Económica e Monetaria e do 12% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE os prezos diminuíron un 3,4%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 6,4% e os procedentes do resto de países un 5,7%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2011

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	12,1	9,5	UEM	3,5	2,7
UE-25	12,7	8,7	UE-25	3,5	1,1
OCDE	12,0	8,0	OCDE	6,4	5,8
Resto de países	-3,4	5,5	Resto de países	5,7	12,1

FONTE: IGE Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>?

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en twitter : http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica

Síguenos en Facebook:

<http://www.facebook.com/pages/Instituto-Galego-de-Estat%C3%ADstica/288505021166027?sk=wall>